

**DECRETO CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA. EXPEDIENTE NÚMERO:
2026/G007/000010**

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona María Elena Candia López.

Vista a relación de expedientes concluídos asinada pola secretaria xeral do Pleno o 19 de xuño de 2026 e, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **ORDINARIA** do **Excmo. Concello Pleno**, que terá lugar, no salón de sesións, sito na praza Maior número 1, o vindeiro **xoves**, día **30 de xullo de 2026**, ás **DEZ DA MAÑÁ**, de acordo coa seguinte **orde do día**:

A) PARTE RESOLUTIVA

PROPOSTA DE ACORDO A RATIFICAR A SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 83.1 DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO PLENO DO CONCELLO DE LUGO (ROMP).

SERVIZO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

1/107 PROPOSTA DE CREACIÓN, FUNCIÓNS E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE FESTAS (2026/G004/000500).

PROTOCOLO

2/108 PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE DON FERNANDO ÓNEGA LÓPEZ COMO FILLO ADOPTIVO DA CIDADE DE LUGO (2026/G004/000464).

INTERVENCIÓN

3/109 PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓNS PRESENTADAS Á MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE LUGO. APROBACIÓN DEFINITIVA TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 18/2026. IMPORTE: 219.736,00 EUROS (2026/G004/000432).

SERVIZO DE PREVENCIÓN E SAÚDE

4/110 PROPOSTA DE APROBACIÓN POLO PLENO DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO INTERNO DO COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE DO EXMO. CONCELLO DE LUGO (2026/G004/000504).

SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓNS

5/111 PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO TEXTO DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA ZONA DE BAIXAS EMISIÓNS (2026/G004/000455).

ACTAS E GOBERNO

PPF/cal

Ref: 26decreto055

Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 30-7-2026

SERVIZO DE FACENDA LOCAL

6/112 PROPOSTA DE ESTABLECEMENTO DE PREZO PUBLICO E APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA NÚMERO 407 REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO AUDITORIO MUNICIPAL FUXAN OS VENTOS (2026/G004/000492).

PROPOSICIÓNS

7/113 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 263/2026 DE REXISTRO DE PLENO, SOBRE A PROMOCIÓN DA ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE LUGO (2026/G004/000476).

8/114 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 264/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A RENOVACIÓN DA CALZADA DAS GÁNDARAS DENTRO DO PLAN PARADAI (2026/G004/000477).

9/115 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 267/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECABAR A CONFORMIDADE PREVIA DOS DISTINTOS GRUPOS DE CARA AO LEVANTAMENTO DOS REPAROS (2026/G004/000478).

10/116 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 268/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA A LIMPEZA E O MANTEMENTO AXEITADO DA PONTE BRANCA SOBRE O RÍO MIÑO (2026/G004/000479).

11/117 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 269/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ESIXIR O IMPULSO DEFINITIVO Á SUPRESIÓN DOS PASOS A NIVEL NO CONCELLO DE LUGO (2026/G004/000480).

12/118 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 270/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A COMPENSAR A GALICIA POLO INFRAFINANCIAMENTO DO SISTEMA DE DEPENDENCIA E A ASUMIR CON CARÁCTER INMEDIATO O 50% DO SEU FINANCIAMENTO (2026/G004/000481).

13/119 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE, NÚMERO 273/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA MANTER O OBXECTIVO ORIXINAL DA ESTRATEXIA NOVO NORTE E DO PLAN EDIL GARANTINDO O DESTINO DOS FONDOS EUROPEOS (2026/G004/000482).

14/120 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE, NÚMERO 274/2026 DE REXISTRO DE PLENO, POLA DEFENSA DO DEREITO Á SAÚDE LABORAL, O REFORZO DA SANIDADE PÚBLICA E O RESPECTO AO DIÁLOGO SOCIAL (2026/G004/000483).

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

SECCIÓN DE ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL

15/121 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS QUE OBRAN NA SECRETARÍA XERAL (VICESECRETARÍA) DENDE O DÍA 8 DE XUÑO DE 2026, RECOLLIDAS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS (EXP. 2026/G004/000465).

SECCIÓN DE MOBILIDADE URBANA E SANCIÓN

16/122 DACIÓN DE CONTA DAS TARIFAS QUE REXERÁN O SERVIZO DE AUTOTAXI (2025/G004/000496).

TESOURERÍA

17/123 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DAS RESOLUCIÓNS DE TESOURERÍA DO MES DE XUÑO DE 2026 (2026/G004/000433).

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

A) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 266/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA A MELLORA DA ESCALEIRA QUE UNE AS RÚAS SANTIAGO E CIDADE DE VIVEIRO .

B) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 277/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COA RESERVA DUNHA PORCENTAXE DA PLANTILLA DO PROGRAMA 'APRENDE XOGANDO' A PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

C) ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, NÚMERO 278/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CON ACTUACIÓNS NO CAMPO DO POLVORÍN.

PREGUNTAS

A) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, NÚMERO 265/2026 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVAS Á PROGRAMACIÓN INFANTIL DE VERÁN .

B) PREGUNTA DE DONA MARÍA REIGOSA CASTRO, CONCELLEIRA NON ADSCRITA, NÚMERO 271/2026 DE REXISTRO DE PLENO, PARA QUE O GOBERNO INFORME SOBRE AS ACTUACIÓNS DE LIMPEZA E DESBROCE DA CONTORNA DA FÁBRICA DA LUZ.

C) PREGUNTA DE DONA MARÍA REIGOSA CASTRO, CONCELLEIRA NON ADSCRITA, NÚMERO 272/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CON

ACTAS E GOBERNO

PPF/cal

Ref: 26decreto055

Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO DO 30-7-2026

ACTUACIÓNS REALIZADAS RESPECTO DO MURO DE CONTENCIÓN DO PARQUE DE FRIGSA.

D) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE, NÚMERO 275/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN COAS AULAS ABERTAS.

E) PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE, NÚMERO 276/2026 DE REXISTRO DE PLENO, EN RELACIÓN CON DIVERSAS INCIDENCIAS ACAECIDAS O DÍA DO ORGULLO LGTBI.

Notifíqueseles aos señores e señoras concelleiros e concelleiras, coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos/das señores e señoras concelleiros e concelleiras, a partir da data desta convocatoria, nas oficinas da Secretaría Xeral do Pleno.

De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, un terzo do número legal de membros da corporación (artigo 210.2.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois (artigo 90.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro).

Cúmprase.